



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

### **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE MARZO DE 2022.**

En Laxe, sendo as 14:03 horas do día 28 de marzo de 2022, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o 1º tenente de alcalde, Don Francisco Charlín Oróns (PP) presidindo o Pleno, en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe, e os concelleiros:

Dña Raquel Lema Allo (PP)  
Don Diego Soto Pereiro (PP)  
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

D. Xosé Manuel Pose Lema (Representante do BNG e integrante do Grupo mixto).

Non asisten:

Don José Luis Pérez Añón (PP)  
Dña. Sandra Mouzo Pose (PP)  
Dña. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)  
Dña. Consuelo Lemus Insua (PSdeG PSOE)  
D. Fabián José Romar Lema (PSdeG PSOE)  
Dña. Marta Caamaño Alvarellos (PSdeG PSOE)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión por a Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na orde do día.

### **ORDE DO DÍA:**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚM. 1/2022**

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

*“PROPOSTA DE ALCALDÍA PLENO*

*APROBACIÓN, SI PROCEDE, EXPEDIENTE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS Nº 1/2022*

*Vista a existencia dunha serie de gastos por importe total de 53.825,83 euros, facturas con rexistro de entrada no exercizo de 2021 e 2022 correspondentes a actuacións de exercizos pechados, de diversas prestacións, que precisan do previo recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno para poder ser aprobados, tal e como dispón o artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.*

*Vistos o informe da secretaría-intervención de data 11 de marzo de 2022 referente ao expediente número 2021/X998/000779 por un importe de 7.684,50 euros.*

*Visto o informe da secretaría-intervención de data 22 de marzo de 2022 referente ao expediente número 2022/X998/000191 por un importe de 46.141,33 euros.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

*Advertido do principio de anualidade do orzamento e de especialidade dos créditos a gastar por unha entidade pública, e tendo en conta a atenuación pola Xurisprudencia da aplicación deles en virtude do principio de enriquecemento inxusto que obriga a Administración a pagar aqueles traballos efectuados.*

*Considerando os art. 26.2 e 60.2 do RD 200/1990, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación o adopción do seguinte ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada nos informes de intervención de datas 11 e 22 de marzo de 2022, en base a que os servicios foron prestados de forma axeitada, e a que se trata de servicios que responden ás necesidades básicas e esenciais para o concello, como son o mantemento do alumado público e a prestación do servicio de axuda no fogar, sin que esta administración poida suprimir ou deixar de prestar os mesmos, mentras se tramite a licitación de ditos contratos de acordo cos procedementos establecidos na Lei de Contratos, feito que se ve relantizado debido a falta de medios humanos para a realización de todas as contratacións administrativas que se teñen que realizar neste concello.*

*SEGUNDO.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 1/2022 por un importe total de 53.825,83 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2021 para o 2022, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes. “*

Intervén o concelleiro do BNG, Xosé Manuel Pose Lema manifestando que coa convocatoria se debería envía as facturas ou mais documentación.

Non habendo mais intervencións, sométese a votación, obtendo o seguinte resultado:

**VOTOS A FAVOR: 5** [4 do PP( Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Don Diego Soto Pereiro) e 1 do Grupo Mixto e representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema)].

**VOTOS EN CONTRA: 0**

**ABSTENCIÓNS: 0**

Polo que queda aprobado o seguinte **ACORDO:**

*PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia formulada nos informes de intervención de datas 11 e 22 de marzo de 2022, en base a que os servicios foron prestados de forma axeitada, e a que se trata de servicios que responden ás necesidades básicas e esenciais para o concello, como son o mantemento do alumado público e a prestación do servicio de axuda no fogar, sin que esta administración poida suprimir ou deixar de prestar os mesmos, mentras se tramite a licitación de ditos contratos de acordo cos procedementos establecidos na Lei de Contratos, feito que se ve relantizado debido a falta de medios humanos para a realización de todas as contratacións administrativas que se teñen que realizar neste concello.*

*SEGUNDO.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de obrigas nº 1/2022 por un importe total de 53.825,83 euros, con cargo ao Orzamento Xeral Municipal prorrogado de 2021 para o 2022, e proceder á autorización, disposición e recoñecemento e liquidación das obrigas con cargo a las partidas orzamentarias correspondentes.*



## CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: [correo@laxe.es](mailto:correo@laxe.es)

Rematado o obxecto da presente sesión, o 1º tenente de alcalde da por finalizada, sendo ás 14:05 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, extendéndose por min secretaria, a presente acta asinando o lltmo. 1º tenente de alcalde en substitución legal, en virtude do artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locais e o artigo 23.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réximen Local, de don José Luis Pérez Añón, alcalde do Concello de Laxe.; para que unha vez aprobada a Acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.